XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

galicia

OBSERVACIÓNS FORMULADAS POLA SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO NO TRÁMITE DE ALEGACIÓNS A LEY DE PORTOS DE GALICIA.

Con data 27/076/2014 a Secretaria Xeral Técnica, remite a Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, o Borrador da Ley de portos de Galicia, co obxecto de formular as alegacións e observacións que se consideren oportunas.

Unha vez analizado o documento, e considerando a incidencia que a planificación dos espazos portuarios ten na ordenación territorial, proponse por parte desta Secretaria Xeral a participación na redacción nos seguintes articulados con incidencia nas atribucións propias, para o estudo pormenorizado da compatibilidade coa lexislación urbanística, de ordenación do territorio e costas, nos aspectos que a continuación se detallan:

- Aclaración respecto a artigo 29.4 da declaración dos plans Directores de infraestruturas de Portos de Galicia, de plans de incidencia supramunicipal, sen correspondencia clara na lexislación urbanística e de ordenación do territorio.
- Análise da coherencia do artigo 34, respecto a definición urbanística do solo urbano consolidado establecida no título 12 da LOUG, que require un grado de urbanización efectiva, así como do encaixe urbanístico dos solos pendentes de transformación.
- A compatibilidade do disposto no art. 34.4, que atribúe a aprobación inicial dos plan especias a administración pública portuaria, en canto a harmonización co artigo 86.1.a) da Lei 9/2002, en en canto atribucións para a súa tramitación e aprobación.
- Informes preceptivos establecidos nos artigos 36.6 e 36.7 do borrador, na tramitación do instrumentos de planeamento con incidencia en materia de portos, en canto a harmonización coas fases establecidas no artigo 85.3 da lexislación urbanística para a emisión de informes sectoriais.
- Modificación non sustancial dos plans directores de infraestruturas, participación de ser o caso como administración afectada e definición de unívoca de modificación non sustancial.
- Actuacións permitidas en ausencia de plan especial no art.37.2 do borrador.
- Regulación do art. 40.1 en canto a solicitude de autorización nas zonas lindeiros con portos, obxecto, competencia e delimitación.
- Aclaración de ser o caso, respecto ao encaixe dentro dos instrumentos de ordenación urbanística, respecto a ordenación prevista no art. 90.1 para a ordenación dos portos deportivos.

Santiago de Compostela 09/07/2014

A secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Mª Encarnación Rivas Díaz

DE ASÍS A COMPOSTELA 1214-2014

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edificio administrativo San Caetano, s/n
15781 – Santiago de Compostela

galicia

OBSERVACIÓNS EN RELACIÓN CO ANTEPROXECTO DA LEI DE PORTOS DE GALICIA

- O artigo 29.4 do Anteproxecto fai referencia á aprobación dun plan director de infraestruturas, atribuíndolle a consideración urbanística dun plan de incidencia supramunicipal. A este respecto sinálase que os plans directores non figuran entre os instrumentos de ordenación contemplados na Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) nin na Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia (LOT).
- A clasificación do solo recollida no art. 34.3 do anteproxecto deberá adecuarse ao establecido no artigo 11 LOUG.
- O artigo 34.4 do Anteproxecto, en relación co 13.3.k), así como a referencia contida no art. 36.6, atribúe a competencia urbanística para aprobación inicial dos plans especiais dos portos á administración pública portuaria xestora do porto, o que non resulta compatible co art. 86.1 a) LOUG, en relación coas competencias urbanísticas atribuídas á administración que se contemplan nos artigos 224 e 225 da mesma lei.
- O efecto de revisión ou modificación dos instrumentos de ordenación urbanística municipal tras da aprobación dos instrumentos de planificación portuaria, prevista no art. 36.3, debería vincularse á primeira revisión e non á modificación do instrumento urbanístico. Así mesmo recoméndase a harmonización do procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento con incidencia en materia de portos, prevista nos artigos 36.6 e 36.7 do anteproxecto, co art. 85.3 LOUG, a través dun único informe sectorial previsto na lexislación urbanística.
- A supresión do réxime de suspensión de obras establecido no apartado 8 do art. 37 do anteproxecto contravén as previsións do art. 209 LOUG.
- Carece de senso a regulación prevista no artigo 40.1 en canto a solicitude de autorización nas zonas lindeiras cos portos.
- O artigo 48.4 regula o sentido do silencio na emisión de informes da Administración do Estado no procedemento de Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios, invadindo competencias estatais e contra o sinalado no art. 49.2 Lei Costas e 104º do seu Regulamento. Do mesmo xeito o apartado 6 do art. 52 introduce unha regulación impropia, que en todo caso corresponde á lexislación estatal en materia de costas.
- A referencia a instrumentos de ordenación axeitados, a determinar por Portos de Galicia, que se prevé no art. 90.1 para os portos deportivos deberá acomodarse aos instrumentos previstos para estas finalidades referidos nas determinacións excluíntes 4.4.5 e 10.1.12.f DOT. Do mesmo xeito a determinación de criterios obxectivos para outorgamento de concesión nestes portos (art. 93) debería sustentarse nas determinacións do devanditos instrumentos previstos nas DOT.

Santiago de Compostela, 13/11/2014

Secretaria xeral de ordenación do territorio de urbanismo

Mª Encarnación Rivas Díaz